

# Living Together

Estratexias para a convivencia

VESTÍBULO B2

---

**Claire Fontaine** (colectivo fundado en París, Francia, 2004. Viven e traballan en París)

O colectivo artístico Claire Fontaine desenvolve un traballo que se sitúa entre a produción artística e o activismo. O seu nome xorde do cuestionamento da noción tradicional de autoría —permitindo o anonimato dos seus integrantes—, ao tempo que xoga e ironiza coa referencia a unha canción popular francesa e a unha coñecida marca de cadernos escolares. Propostas que parten de obxectos cotiáns —*readymades*—, reinterpretando os seus usos e significados, a través dunha práctica crítica e unha reflexión teórica continuada.

**Untitled (tennis ball sculpture), 2008**  
[Sen título (escultura de pelotas de tenis)]  
Pelotas de tenis modificadas  
Medidas variables  
Cortesía Galerie Neu, Berlín, Alemaña

**Foreigners Everywhere (Galician), 2009**  
[Estranxeiros en todas partes (galego)]  
Neon  
10 x 230 cm  
Cortesía dos artistas / Galerie Neu, Berlín, Alemaña

As obras de Claire Fontaine presentes na exposición son distintas series de obxectos con aparencia inofensiva pero que, non obstante, foron manipulados ata forzar unha mirada diferente sobre as funcións e o significado de moitos dos artefactos que nos rodean. Manipulacións sinxelas, como as pelotas de tenis recheas de obxectos que nos recordan aos modos de comunicación e intercambio nos réximes penitenciarios.

Así mesmo, os artistas fan “xogos” de palabras como o do neon producido para esta exposición —*Estranxeiros en todas partes*—, en alusión ás políticas de inmigración actuais. A visión crítica en torno á exclusión nun mundo hipercapitalista, consumista e despolitizado, convértese así nun *leit motiv* común a estas obras.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**CORREDOR B2**

---

**Eulàlia Valldosera** (Vilafranca del Penedès, Barcelona, 1963. Vive e traballa en Barcelona)

As obras de Eulàlia Valldosera —performance, debuxos, instalacións, vídeos ou fotografías—, reflexionan en torno ao espazo do cotián e as relacións que se producen en grupos sociais determinados. Pezas que funcionan a xeito de espello das relacións humanas, e que poden ser definidas case como “pequenos rituais catárticos”, onde a artista desvela conflitos interpersoais frecuentes na sociedade actual.

***Lugares de traballo II #1: canales para la negociación***, 2006

[Lugares de traballo II #1: canles para a negociación]

Fotografía cor

9 fotografías

45 x 64 cm c/u

Cortesía da artista

***Lugares de traballo III #1: constelaciones de traballo***, 2006

[Lugares de traballo III #1: constelacións de traballo]

Fotografía cor

147 x 146,2 cm

Cortesía da artista

Na serie *Lugares de traballo* Eulàlia Valldosera documenta distintos grupos de individuos analizando as relacións que se establecen entre eles. Aplicando as regras e modo de proceder dunha terapia de grupo coñecida co nome de “constelacións”, a artista traza un mapa dos dramas, situacións e patróns de comportamento, interiorizados e repetidos, no ámbito laboral. Un proceso de investigación que se materializa en distintas series de fotografías onde se fan visibles as miradas, tensións e conexións, que se establecen entre os empregados dunha oficina. Os lugares de traballo convértense así en microcosmos con regras non enunciadas, a partir dos cales a artista establece comparacións co mundo animal.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**CORREDOR B2**

---

**Mai-Thu Perret** (Xenebra, Suíza, 1976. Vive e traballa en Xenebra)

Mai-Thu Perret desenvolveu, durante case dez anos, un proxecto que xira en torno a un relato de ficción titulado *The Crystal Frontier*. Unha narración que describe as vivencias dunha comuna feminista e produce, ao tempo, os obxectos que rodean a este colectivo de mulleres imaxinarias. Unha recreación, irónica e melancólica, dos movementos utópicos presentes nas vangardas históricas do século XX.

***Donkeys Choose Wet Places to Piss*, 2008**

[Os burros elixen lugares húmidos para mexar]

Cerámica vidrada

124 x 160 x 15 cm

Cortesía Timothy Taylor Gallery, Londres, Reino Unido

Esta obra forma parte do proxecto *The Crystal Frontier* [A fronteira de cristal], unha ficción creada pola artista en 1999 na que idea unha comunidade composta por mulleres que decidiron instalarse no deserto de Novo México, dando as costas así a un mundo no que non se recoñecen. As súas producións (diarios, cartas e obxectos) servirán de fonte para o coñecemento das súas vivencias.

A artista é a autora destes textos, así como da realización dos obxectos “cotiáns” que “produce” esta comunidade utópica: esculturas, pinturas, arquitecturas, vestidos, pero tamén coreografías, performances ou vídeos. Unha meta-narración que nos interroga acerca das contradicións dos procesos de transformación social que operan nas sociedades capitalistas.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

SALA FRONTAL B2

---

**Gardar Eide Einarsson** (Oslo, Noruega, 1976. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Gardar Eide Einarsson cuestiona nos seus proxectos os límites do permitido no espazo social. Para iso, fai uso dunha linguaxe austera, monocroma, que remite aos códigos utilizados polas denominadas subculturas (o punk, o graffiti...). A carga política dos seus traballos enfronta ao espectador coa violencia soterrada de moitas situacións cotiás.

***Oedipus***, 2007

[Edipo]

Caixa de luz

53 x 122 x 30 cm

Colección privada, Os Anxeles, EUA

***Bomb Checklist***, 2007

[Listaxe de comprobación de bomba]

Texto en vinilo

220,34 x 228 cm

Cortesía do artista / Team Gallery, Nova York, EUA

***Some People Are Still Alive Only Because It's Against The Law to Kill'em***, 2007

[Algunhas persoas seguen aínda vivas só porque vai contra a lei matalas]

Caixa de luz

60 x 180 x 25 cm

Cortesía Brask Collection

***Untitled (driver's license)***, 2006

[Sen título (permiso de conducir)]

Impresión dixital cor sobre papel Kodak

5 x 8 cm / 40 x 40 cm

Colección privada de Rolf A. Hoff, Oslo / Standard, Oslo, Noruega

***Untitled (Family Crest)***, 2008

[Sen título (escudo familiar)]


Acrílico sobre lenzo

183 x 183 cm

Cortesía Nils Stærk Gallery, Copenhaguen, Dinamarca

A variedade de soportes e formatos, o predominio do branco e o negro, o emprego do texto, ou o cuestionamento dos límites entre alta e baixa cultura, son constantes formais e temáticas no traballo deste artista.

Algúns dos textos incluídos nas súas obras poderían ser comparados con pintadas vagabundas, ou incómodos lemas e eslóganos de camisetas ou bandas de rock, como en *Oedipus* ou en *Some People Are...* Pero esta sensación de familiaridade atopámola tamén nos obxectos que acompañan estes textos, como en *Untitled (driver's license)* —un permiso de conducir falsificado—, ou no formulario de alfándega no que parece inspirarse *Bomb Checklist*. As rectificacións operadas nos obxectos, mediante a adición de texto ou o seu aumento de escala, poñen de manifesto aspectos que habitualmente esquecemos no día a día.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**SALA FRONTAL B2**

---

**Marcus Coates** (1968, Londres, Reino Unido. Vive e traballa en Londres)

O artista londiniense Marcus Coates reflexiona na súa obra acerca das interaccións entre o mundo natural e o ser humano. Nos últimos anos, a práctica artística de Coates caracterizouse pola metodoloxía empregada nos seus procesos de traballo, unha aproximación rigorosa a territorios tan inesperados como o do chamanismo, ou a ornitoloxía. O artista utiliza a figura do chamán para resolver conflitos sociais diversos.

***Journey to the Lower World*, 2004**

[Viaxe aos baixos fondos]

Vídeo-instalación, 2 canles sincronizadas


30'

Producido por: Film London

Cortesía do artista e Workplace Gallery, Londres, Reino Unido

[SOLICITE AO PERSOAL DE SALA O SUBTITULADO EN GALEGO]

Esta vídeo-instalación, composta de dúas canles, mostra de xeito simultáneo imaxes da natureza e dunha acción realizada polo artista. Con motivo da demolición dun bloque de vivendas en Liverpool, Marcus Coates leva a cabo un ritual chamánico para tranquilizar os medos dos residentes no edificio. O artista "entra en contacto" co mundo natural intentando buscar respostas ás inquietudes das persoas que, tras o asombro inicial, rematan por participar na acción.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**CORREDOR B1**

---

**Nicole Eisenman** (Verdún, Francia, 1965. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Nicole Eisenman é unha coñecida artista feminista norteamericana. Formou parte de colectivos como *Ridykeulous* nos que produciu obras e textos que revisan o legado da arte feminista. Dende comezos dos anos noventa o seu traballo revisa, ironicamente, o papel dos grandes mestres da Historia da Arte. Nos seus últimos traballos inclúense problemáticas propias á existencia contemporánea.

***Brooklyn Biergarten II***, 2008


[Cervexaría de Brooklyn II]

Óleo sobre lenzo

165 x 208,5 cm

Cortesía Gregorio and Valeria Napoleone, Londres, Reino Unido / Barbara Weiss Galerie, Berlín, Alemaña

*Brooklyn Biergarten II* é unha pintura que reflexiona en torno á propia Historia da Arte, as orixes xudeu-alemás da artista, e a súa posición como creadora. A obra mostra a ansiedade e presión á que a miúdo está sometida a comunidade artística, a través da perspectiva autobiográfica de Eisenman.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

SALA FRONTAL B1

---

**Delaine Le Bas** (Worthing, West Sussex, Reino Unido, 1965. Vive e traballa en Worthing)

O traballo de Delaine Le Bas, de orixe romaní, artículase en torno ao cuestionamento de ideas como as de nacionalidade, raza e xénero. Estas formulacións materialízanse en instalacións nas que evidencia a claustrofobia doméstica, a precariedade e o nomadismo. En palabras da propia autora o seu traballo “é o punto no que o ‘outsider’, o folk e a arte contemporánea conflúen, combinando o visionario, o conceptual e unha aproximación artesanal”.

***The Walls Can Be Invisible*, 2009**

[Os muros poden ser invisibles]

Instalación específica

Medidas variables

Música: H. R. T., Tommy Pearce, Jamal Jimenez, Johnny Doe


Película: Delaine Le Bas, Tara Darby

Fotografías: Damian Le Bas, Damian James Le Bas, Delaine Le Bas, Tara Darby, Tim Walker

Cortesía Galerie Giti Nourbakhsh, Berlín, Alemaña / Galleria Sonia Rosso, Turín, Italia

Para esta obra a artista deseñou unha arquitectura á que engadiu esculturas, fotografías, colaxes e pinturas. Estes elementos, así como os labores de punto e os obxectos atopados que poboan a instalación, fóronse incorporando paulatinamente baseándose no traballo realizado por Delaine Le Bas na propia sala de exposicións. A maioría de técnicas e materiais que atopamos remítennos ao que tradicionalmente se identifica como “cultura popular”.

A sensación de acumulación que xeran os obxectos confróntanos cunha instalación efémera, como as que se constrúen para unha celebración, e coa idea que podemos ter dun asentamento edificado con materiais de escoura. Esta ambigüidade intensifícase cando lemos os textos que aparecen nas paredes e pensamos no título da obra [*Os muros poden ser invisibles*]. Esta instalación convértese así nun espazo para evidenciar os tópicos que proxectamos sobre determinadas culturas e as situacións de exclusión social que toleramos.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**SALA FRONTAL B1**

---

**Dora García** (Valladolid, 1965. Vive e traballa en Bruxelas, Bélxica)

No traballo de Dora García destaca o interese por crear situacións ou contextos que cuestionan a nosa percepción da realidade, así como a relación que se establece entre obra, artista e público. Apostando habitualmente pola disolución da autoría en pro dunha narrativa colectiva, a propia autora explica o seu traballo como próximo ao dunha directora de escena que formula, escribe ou selecciona unha historia.

***CCL Cellule Cité Lénine***, 2006

[Célula Cidade Lenin]

Vídeo


42'

Cortesía Laboratoires d'Aubervilliers, Aubervilliers, Francia / Galerie Michel Rein, París, Francia

[SOLICITE AO PERSOAL DE SALA O SUBTITULADO EN GALEGO]

O traballo *CCL Cellule Cité Lénine* desenvólvese en torno a un bloque de vivendas, construído seguindo a idea de arquitectura utópica da década dos setenta, na cidade de Aubervilliers, unha poboación localizada nos arredores de París. O vídeo "documenta", a través das voces en *off* de distintos personaxes, a historia deste edificio, e os conflitos xurdidos no seu interior ao ser habitado.





# Living Together

Estratexias para a convivencia

CORREDOR PERIMETRAL B1

**Paula Trope** (Río de Xaneiro, Brasil, 1962. Vive e traballa en Río de Xaneiro)

A artista brasileira Paula Trope traballa principalmente con fotografía e vídeo, creando imaxes que rescatan narrativas esquecidas —realidades sociais e historias individuais— que pertencen ás marxes da cultura hexemónica. Trope desenvolve os seus proxectos en colaboración con outras persoas que, en moitos casos, son alleas ao mundo da arte. O seu traballo non se limita a “crear” unha obra, senón a facilitar unha situación, conducir o que alí aconteza, e difundir eses materiais.

**Paula Trope + Renato Dias Figueiredo, Marcos Vinicius Clemente Ferreira, Luciano de Almeida e José Carlos da Silva Pereira**

**Renato Dias Figueiredo (Naldão), Marcos Vinicius Clemente Ferreira (Negão), Luciano de Almeida e José Carlos da Silva Pereira (Júnior), aos 22, 16, 18 e 21 anos**  
**Bandidos do Borel e da Formiga na reunião! Morrinho.**

**Reunião no Morro do Salgueiro. Morrinho. Carro. Morro do Turano. Morrinho, Os Braços, Morro dos Prazeres, Morrinho, 2005**

Políptico da serie **Sem Simpatía**, 2004/2005

Fotografía con cámara estenoipeica

180 x 146 x 5 cm + 49 x 122 x 10 cm (x2) + 52 x 117 x 10 cm (x2)

Cortesía da artista / Galeria Tempo, Río de Xaneiro, Brasil

**Paula Trope + Gustavo José dos Santos**

**Gustavo José dos Santos (Djou), aos 12 anos.**

**Invasão. Morro do Cruz. Morrinho, 2004**

Díptico da serie **Sem Simpatía**, 2004/2005

Fotografía con cámara estenoipeica

180 x 146 x 5 cm + 58 x 128 x 10 cm

Cortesía da artista / Galeria Tempo, Río de Xaneiro, Brasil

Na serie *Sem Simpatía*, a artista achéganos aos “Meninos da Rua”, adolescentes do barrio Pereirão de Río de Xaneiro, aos que Trope facilitou cámaras fotográficas feitas con latas para que documentasen a súa vida diaria. Con este dispositivo fotográfico tan rudimentario, os mozos tomaron fotografías entre si, producindo un traballo que describe a solidariedade, as estratexias de poder, e a transformación operada no proceso. Ao mesmo tempo, as fotografías documentan unha maqueta da favela —a escala reducida— realizada polo grupo de rapaces como espazo feito por e para eles.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

GALERÍA B1

---

**Société Réaliste** (Colectivo formado en París, Francia, 2004. Viven e traballan en París)

Este colectivo, formado por Ferenc Gróf (Hungría, 1972) e Jean-Baptiste Naudy (Francia, 1982), defínese como unha cooperativa dedicada ao desenvolvemento de varias liñas de investigación en torno a cuestións que forman parte de ámbitos tan diversos como os da política, a socioloxía, o urbanismo, ou a economía. O seu traballo explora os límites do campo artístico mediante a introdución de disciplinas "extra artísticas", cuestionando a propia definición de obra de arte.

**EU Green Card Lottery: The Lagos File**, 2006–2009

[Lotería da Tarxeta Verde europea. Arquivo Lagos]

Instalación específica

Cortesía dos artistas

Société Réaliste presenta unha instalación específica que se adecúa ao espazo arquitectónico do MARCO. Unha produción que, ademais da documentación exposta nas salas do centro, se completa cunha páxina web que recolle o desenvolvemento do proxecto: [www.green-card-lottery-eu.org](http://www.green-card-lottery-eu.org).

A *Green Card*, tarxeta de residencia permanente nos EUA, converteuse nun símbolo das dificultades asociadas aos procesos migratorios contemporáneos, pero tamén da armazón social e económica derivada destes. Con esta instalación, os artistas analizan a instrumentalización política e económica dos fluxos migratorios, a través da creación dun espazo en liña que imita o funcionamento e estrutura das web nas que se rexistran as persoas que queren obter a cidadanía estadounidense. Un permiso de residencia e traballo, neste caso, europeo.

---

GALEGO



# Living Together

Estratexias para a convivencia

**GALERÍA B1**

---

**Daniel Baker** (St. Mary, Kent, Reino Unido, 1961. Vive e traballa en Londres)

Daniel Baker naceu no seo dunha familia de xitanos romanichais. Este feito foi patente tanto na súa formación, licenciándose en socioloxía cunha especialidade en estudos romaníes, como no seu labor como presidente do Consello Xitano, e en toda a súa produción artística, na que investiga sobre “o espazo imaxinario ocupado polos xitanos”, explorando a complexa armazón de visibilidade/invisibilidade imposta pola sociedade actual.

**La Boîte**, 2009

[A sala de festas]

Instalación específica

Medidas variables

Cortesía Galerie Feinkost, Berlín, Alemaña

Esta obra é unha instalación específica, é dicir, un traballo concibido para o lugar no que vai ser exposto, na que o artista nos invita a introducirmos nun corredor de espellos que nos devolve a nosa imaxe ao tempo que somos increpados por múltiples prohibicións.

O título remítenos tanto á idea de ‘caixa’ coma á de ‘sala de festas’, convidándonos así a cuestionar algúns tópicos. Tanto as frases como a situación producida remiten a algunhas ideas constantes no seu traballo como a identidade —que somos, que cremos que somos, que nos fixeron pensar que somos...—, ou a ambigüidade xerada ao incluírnos nun lugar de indefinición, un espazo mental —e físico— no que todo se volve errante. Estes aspectos transmítennos preocupacións sociais do artista en torno á comunidade xitana, como a desaparición dun espazo xeográfico no que habitar ou as leis que promulgan a súa expulsión de determinados países.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

GALERÍA B1

---

**Josephine Meckseper** (Lilienthal, Alemaña, 1964. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Se en ocasións se formulou que o consumo condiciona a nosa ideoloxía, Meckseper radicaliza este presuposto ao subliñar que ata a propia ideoloxía se converteu nun ben de consumo. Na súa produción —vídeos, esculturas ou instalacións—, a artista utiliza obxectos que proveñen da alta costura e a publicidade, xunto a documentos significados politicamente. Unha irónica boutique onde o espectador-cliente pode adquirir un ideario político.

**Untitled (Sfera)**, 2006

[Sen título (esfera)]

Escultura

180 x 430 x 180 cm

Cortesía Arndt & Partner, Berlín, Alemaña / Zúric, Suíza

**0% Down**, 2008

[0% abaixo]

Vídeo

6'

Cortesía da artista

**March for Peace, Justice and Democracy, 04/29/06, New York City**, 2007


[Marcha pola paz, a xustiza e a democracia, 29/04/09, Cidade de Nova York]

Vídeo

7'2"

Cortesía da artista

A instalación que Meckseper presenta nesta exposición articúlase en torno a distintos obxectos e documentos: espellos rotos, vestidos, anuncios publicitarios ou imaxes de manifestacións. Elementos asociados de xeito inesperado no espazo da mostra, que son exhibidos case como fetiches, evidenciando a estetización extrema á que se ve sometida calquera tipo de mensaxe. Un traballo que interroga o espectador acerca dos procesos de neutralización e banalización dos discursos, cada vez máis frecuentes no presente.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

PERIMETRAL B1

---

**Lynette Yiadom-Boakye** (Londres, Reino Unido, 1977. Vive e traballa en Londres)

A obra de Lynette Yiadom-Boakye formúlase como unha revisión contemporánea do retrato tradicional. A artista, que descende dunha familia ghanesa, toma como punto de partida modelos europeos para crear a súa propia galería persoal. Os protagonistas das súas obras conforman un retrato colectivo mediante o que explora a noción de identidade. As súas obras son un catálogo de seres dispares: "cantantes no momento de recoller un Grammy, fanáticos/as, antropólogos, misioneiros, ou salvaxes...".

***Pleased To Meet You***, 2008  
[Encantada de coñecelo]  
Óleo sobre lenzo  
40 x 35 cm c/u  
Cortesía ARQUEBUSE, Xenebra, Suíza

Lynette Yiadom-Boakye presenta *Pleased to Meet You*, unha serie de vinte retratos de pequeno formato realizados cunha técnica tradicional da Historia da Arte: a pintura ao óleo. Desta forma a artista participa do discurso contemporáneo que analiza como a pintura representou historicamente aos negros e as negras e que, a miúdo, toma como exemplo o retrato de *Juan Pareja* de Velázquez.

As pinturas mostran unha galería de suxeitos imaxinarios, inventados pola artista, que interactúan co personaxe central, tamén imaxinario. Unha mesma muller é retratada de diferentes maneiras aludindo a como un mesmo suxeito se transforma ante distintas situacións e relacións. A serie é unha reflexión en torno á construción do suxeito en relación co seu ámbito e acerca do eterno misterio que o rodea.



# Living Together

Estratexias para a convivencia

PERIMETRAL B2

---

**Artur Żmijewski** (Varsovia, Polonia, 1966. Vive e traballa en Varsovia)

As películas documentais de Artur Żmijewski confróntannos cos prexuízos sociais. O abuso de poder, a interacción entre colectivos ideoloxicamente enfrontados, ou a historia recente de Europa dende a perspectiva polaca, son temas recorrentes nos seus traballos. Os seus proxectos iníciáanse en situacións de "intercambio" provocadas polo artista, que poden desembocar tanto en xestos de solidariedade, coma en conflitos violentos, e que colocan ao espectador nunha situación incómoda.

***Them***, 2007

[Eles]

Vídeo

27'

Cortesía Foksal Gallery Foundation, Varsovia, Polonia

[SOLICITE AO PERSOAL DE SALA O SUBTITULADO EN GALEGO]

*Them* parte dunha situación provocada polo artista na que se reúne a catro grupos sociais diferenciados que conviven na Polonia contemporánea: mulleres católicas, membros neonazis das Xuventudes pola Unión de Polonia, adolescentes xudeus e activistas de esquerdas. Unha situación que obriga á negociación entre estes grupos no espazo da arte, desvelando unha sociedade fragmentada e enchida de estereotipos.